

OS VERSOS DA MARIOLA

UNIDADE DIDÁCTICA DE APOIO

(Pilar Sampedro / Antón Cortizas)

Coa colaboración de



1 - ANTES DA LECTURA

A mariola de seis,
desde abaixo le brincando,
pra aprenderes a saber.

6

Por que cres que o autor escolleu a mariola como tema para elaborar un poemario?

5

Que coidas que hai entre o Ceo e a Terra?
Como se chaman eses espazos intermedios?
Que significado teñen eses nomes no xogo?

3

Que é a mariola?
Como se chama este xogo no lugar onde vives?
Coñéceslle máis nomes?

4

Viches algunha vez debuxados no chan os cadros da mariola?
Debuxáchela ti algunha vez?
Cantos deseños diferentes coñeces deste xogo?

2

Como interpretas a ilustración da cuberta do libro? Que che parece iso de que se xogue a arrastrar unha pedra no chan?

1

Lendo o título e vendo a cuberta do libro, que poemas cres que vas atopar?

2 - PROPOSTAS XERAIS

A mariola de ler,
o comezo da lectura
desde abaixo ten que ser.

3

Da mesma maneira podes buscar directamente na biblioteca ou na rede outros libros de Antón Cortizas, polo menos un de cada xénero: poesía, teatro, narrativa, ensaio ou divulgación, e tamén un para primeiras lecturas, outro para cativada e máis un para mocidade.

2

Seguro que es quen de buscar outros libros que recibiron este premio.

1

Imos xogar a adiviñar a cor do cabalo branco do apóstolo Santiago: Que se premia no Certame Arume de Poesía para a Infancia?

3 - DURANTE a LECTURA

A mariola, ben se ve,
é un xogo ben divertido
que non se debe esquecer.

3

E aínda ten máis libros relacionados co xogo. Podes buscalos ou atender ás pistas que che damos e que debes confirmar. Poñamos a proba as súas obras ensaísticas (así aparecen na Galipedia): *Chirlosmirlos*, *Enciclopedia dos xogos populares*, *Ao pé da Laxa da Moa* (recolleita da riqueza literaria oral en forma de adiviñas, trabalinguas, contos, lendas e refráns do concello de Carnota) e *Tastarabás. Enciclopedia de brinquedos tradicionais e uso lúdico da Natureza*.

2

Cortizas alertou sobre os cambios aos que se ven sometidas as crianzas en relación ao tempo de xogo e a maneira na que as diriximos a facelo na actualidade, na obra de teatro *Xogando con gatos* (Premio de teatro na I Gala do Libro Galego de 2016).

Como ves estes cambios? Compara o xeito en que xogaban a túa nai ou o teu pai, avoas e avós coa forma que o facedes ti e as túas amigas e amigos.

1

No limiar do libro, *O porqué destes versos*, o autor mostra a súa preocupación ante o cambio das formas de enredar da infancia nos últimos tempos, defendendo os valores positivos e didácticos do xogo tradicional, buscando que a lectura e a poesía sexan tamén unha brincadeira.

4 - DESPOIS DE LER

Paso a paso, poema a poema

Coa chapa da túa voz
brinca pasiño a pasiño
lendo os versos con amor.

Imos agora tratar de propostas e aclaracións encol de cada un dos poemas do libro. Irémolas poñendo a continuación de catro deseños ou esquemas deste xogo, nos que figuran os títulos dos poemas seguindo a orde do índice dos mesmos.

3 O risco do caracol	4 A mariola do mar
2 A sorte de botar, a sorte de brincar	5 A mariola da noite
1 Instrucións para brincar á mariola	6 O peletre do sete

1

“Instrucións para brincar á mariola”

As instrucións son un tipo de texto especial, no que paso a paso se vai guiando unha acción. Neste caso, por medio de pareados, vaise avanzando no que podemos considerar ideas nucleares que imos anotar (construír o espazo, desenvolvemento do xogo, a lectura como xogo, quen ten o papel protagonista).

Podemos crear instrucións para outros xogos. Facémolo tamén en verso?

2

“A sorte de botar, a sorte de brincar”

As brincadeiras tradicionais acostuman ter fórmulas para decidir quen comeza o xogo, aquí o autor, no mesmo título, enreda coa palabra “sorte” e as súas acepcións: cales son?

Podemos aprendelo de memoria, individualmente ou entre varias persoas. Podemos tamén lembrar outras maneiras de botar sortes ou mesmo crear unhas novas.

Detémonos no verso “quero xogar sen xoguetes”, que quererá dicir o autor con isto?

3

“O risco do caracol”

Xógase doutra maneira, agora imos encadeando cada verso co anterior, último nome dun verso co primeiro do seguinte, nunha espiral que remata co nome que comezou: o caracol.

Buscamos o significado das palabras que descoñecemos, como pode ser o *favo*. Axudaranos a avanzar na lectura e no xogo se decidimos ir ilustrando nós cada verso.

Por que pensas que aparece a cremalleira na ilustración?

O poema funciona a modo dun caligrama, a forma do caracol préstase para este tipo de poesía visual.

4

“A mariola do mar”

Continúa a xogar co caligrama que constrúe nas ondas do mar. Anímáste a facer un novo poema sobre o caracol, sobre o mar ou calquera outra forma que resulte doada.

Parece que este poema convida a xogar á mariola usando como chapa unha voandeira, que é un animal semellante á zamburiña e á vieira. Busca documentación sobre os tres. Observa que no libro aparece a palabra volandeira e non voandeira. Isto é unha gralla, ou sexa un erro que quedou sen corrixir.

E que che parece se inventas (ou inventades) unha historia debuxada sobre a serea e o arroaz?

5

“A mariola da noite”

Gozamos da lectura do poema repetíndoo varias veces, e logo xogamos a adiviñar cal é a forma da noite, se houbo cans astronautas ou se atopamos rimas nas estrofas.

E que tal quedaría ler este poema ollando o ceo nunha noite estrelada, intentando recoñecer as constelacións que nel se citan? Fai isto coa túa familia, xa verás que fermoso che vai resultar.

Como complemento podes buscar documentación sobre as constelacións citadas, ou outras, a orixe do seu nome e a figura que representan.

6

“O peletre do sete”

Este poema semella pensado para o Samaín. Por que?

Seguro que se che ocorren outras maneiras de colocar perigos en cada unha das casas, xogando con rima ou non...

Por certo, sabes con que vogal se están creando as rimas no poema? E faino nos versos pares ou impares?

Sabías que o sete é considerado un número máxico? Documentate e descobre o porqué.

Ah, e lembra unha cousa: Non confundas Samaín con Entroido. Non son a mesma cousa. O Samaín é un nome novo que se lle dá ao Día de defuntos, ou Noite das caveiras, feitas de melón ou cabaza, na que como moito disfrazámonos de pantasma da Santa Compañía, e facemos o petitorio polas casas veciñais. Se te queres disfrazar de meiga ou outras cousas, faino polo Entroido.

13

Mariola do castro

12

A chapa dos animais

11

Instrucións para xogar ao xogo da chapa sen chapa

10

A mariola do alfabeto

9

Mariola do elefante

8

A raia da cobra

7

O truco dos dedos

7

"O truco dos dedos"

Neste poema volvemos atopar un caligrama. Xogar ao peletre cos dedos en vez de facelo cos pés é un desafío e unha boa brincadeira para cando non podes moverte. Un xinete cabalga a man, nós imos virando a cabeza ou a páxina para ler ou lémolos así sen máis, que tamén é posíbel. Ten a súa dificultade tamén ao estar todo o texto en maiúsculas, vedes o necesarias que son? No poema hai un par de valiosas mensaxes que nos envía o autor e que deberías levar á práctica: Non son necesarios moitos xoguetes nin as pantallas de ordenador ou teléfono para pasar o tempo, pero si amigas e amigos e -se queres- versos.

8

"A raia da cobra"

Achégase aquí, de novo, un caligrama coa serpe e unhas imaxes ben interesantes: unha delas ten a cabeza do neno construída cunha tapa ou chapa, de que? E a outra fai referencia a un cadro moi famoso. Sabes de cal se trata?

9

"Mariola do elefante"

Para esa enormidade de mariola que nos axuda a entender por exemplo en catro patas de impresión, ou trompazo; pero tamén nos divirte ao poñer xuntas trompa e trombón ou patela e peneda. Xa vemos que a chapa pode servir para cabeza ou para ollo, para que máis a utilizarías ti? Que máis vés nesta páxina que che chame a atención? Indaga se a palabra "cuadrupedante" é válida ou non? Nos libros soe haber grallas. Son erros da escrita que despois de ser corrixiada moitas veces, ás veces non se descubren ou aparecen quen sabe por que. Neste poema, como seguramente observaches, no verso "e unha trompa que e trombón", o segundo "e" ten que levar til, pois é do verbo ser.

10

“A mariola do alfabeto”

Presenta unha pelexa entre as consoantes e as vogais, na que semellan gañar as primeiras ao seren máis, pero todas son necesarias. Es quen de ler e entender os versos nos que falta cada unha das vogais? É difícil, pero ti es unha persoa experta e xa sabemos que hai xogos doados e outros ben complicados. Despois de resolveres este, podes crear un pequeno texto nos que omitas as letras que che pete. Fixácheste? A palabra consoante, que aparece no primeiro verso é outra gralla. Ten que ser “consoante”. Que quere o autor dicirnos realmente con este poema? Para que comprobemos se liches ben este poema, velaquí o tes con todas as letras:

Presumían fachendosas
as dezoito consoantes
ante as escasas vogais,
e por seren moitas máis
críanse máis importantes.

Velaquí que un certo día,
pouco a pouco do alfabeto,
sen razóns e polas malas,
comezaron a expulsalas
deixándoo pobre e incompleto.

Porque, que sería o mar
sen a grandeza do a?
Porque, que sería o ben
sen a paciencia do e?
Porque, que sería a luz
sen o silencio do u?
Porque, que sería o amor
sen o asombro do o?
Porque, que serías ti
sen o sorriso do i?

Ben que as vogais resistían,
ao final todas se foron

10

“A mariola do alfabeto”

Presumían fachendosas
as dezaioito consoantes
ante as escasas vogais,
e por seren moitas máis
críanse máis importantes.

Velaquí que un certo día,
pouco a pouco do alfabeto,
sen razóns e polas malas,
comezaron a expulsalas
deixándoo pobre e incompleto.

Porque que sería o mar
sen a grandeza do a?
Porque que sería o ben
sen a paciencia do e?
Porque que sería a luz
sen o silencio do u?
Porque que sería o amor
sen o asombro do o?
Porque que serías ti
sen o sorriso do i?

Ben que as vogais resistían,
ao final todas se foron
sen diciren chus nin mus,
como se evapora a luz
cando ao sol lle vén o sono.

E aconteceu que as conversas
resultaban imposíbeis,
e ninguén nada entendía
do que cadaquén dicía
sen os sons imprescindíbeis.

Foi por iso que as altivas
consoantes comprenderon
que aínda tendo moita masa,
sen as vogais tan escasas
eran nulas no alfabeto.

Entón chamaron por elas
pra volveren ao seu sitio
en todo o vocabulario,
e así encheuse o dicionario
de palabras con sentido.

Celebraron o reencontro
facendo unha alegre festa,
e cantaron nunha roda,
e brincaron á mariola
dende o a até o zeta.

11

“Instrucións para xogar ao xogo da chapa sen chapa”

Velaquí outras instrucións e outra maneira de xogar, eliminando un elemento fundamental da mariola: a tella. E máis si, hai algún xogo da patela no que unha das fases consiste en percorrer os cadros sen a chapa. Todo é posíbel se a imaxinación está esperta e posibilítanos mesturar o xogo con diferentes figuras dos pés ou cun baile. Poderíase bailar unha muiñeira sobre un cadro da mariola riscado no chan? Inténtao, xa verás como si.

12

“A chapa dos animais”

Esta poesía aparece escrita de dúas maneiras. Na que ten o texto do dereito (os versos de enriba e os da esquerda) substituíronse todas as vogais por unha soa por a, e, i, o, u. A intención é que ao leres descubras o seu auténtico sentido, que é o que aparece nas outras dúas formas (os de embaixo e os da dereita), que como están do revés, lerás mellor dándolle media ao libro. Esta poesía tamén a podes ler con outra persoa que se situará de fronte a ti, e cadaquén lerá alternativamente os versos que lle cadran ao dereito.

13

“Mariola do castro”

Para a mariola non hai límites nin obstáculos. Camiño do castro tamén se pode xogar, pasando polas murallas rectas ás casas redondeadas ata chegar á coroa. O peletre camiñante obríganos a darlle voltas ao libro para seguir cada lance. Á mariola xógase en todo o mundo con deseños moi variados, mais este cadro podemos consideralo propiamente galego, xa que o noso país está repleto de castros. Por certo, sabes o que é un castro? Coñeces os castros que hai preto de onde ti vives?



14

“A mariola musical”

Este poema pódelo ler cantando, con algunha melodía coñecida ou inventada por ti. Nesta plana, seguro que atopas moitos elementos musicais, tanto na letra como na imaxe. Cales ves? E a eles hai que engadir as onomatopeas. Víchelas? Veña, ponte a brincar coa lingua e a voz, e argalla unha melodía que cadre ben cos versos.

15

“Mariola das horas”

A mariola das horas ten que ver cun reloxo, como ben sabes. Facemos xirar o círculo para ler o verso que ocupa cada hora a modo de caligrama, a agulla. Vemos que cada verso se corresponde cun número igual á hora que representa, e con esas cantidades constrúese o sentido do poema. Que che parece se intentas (ou intentades en grupo) facer un poema similar, acumulativo como este, conservando o número inicial de cada verso, mais mudando o resto.

16

“Mariola vertical”

A mariola vertical presenta un novo caligrama que neste caso se le dun xeito diferente. Cal é? De novo, coa dificultade de estar escrito todo con maiúsculas, unha mariola moi xeitosa para determinados animais e para regar o campo das palabras coa regadeira da fantasía. Sabes en que idiomas se escriben as liñas en vertical e non en horizontal como facemos nós?

16

“Mialora rvelota”

Ou sexa, a Mariola revolta. Xa nos anuncia que o autor vai remexer as letras de cada palabra para obrigarnos a ordenalas conforme as lemos, e así comprender o texto. O xogo lingüístico é continuo e podemos xogar individualmente ou todos xuntos colaborando. Eu non atopo a orde dunha palabra, ebsanadllar. Será esbandallar? Nun verso fálase de xogo revolto. Sabes o que significa iso? Pois é que nos xogos tradicionais, cando unha persoa xogadora se pon pesada, molesta ou fai trampas, calquera dos demais pode interromper o xogo dicindo “xogo revolto”. Daquela hai que volver a comezar de novo a partida. Como se mostra o bon ou o mal humor nas imaxes? Podedes xogar na clase a escribir cadaquén unha frase con palabras enleadas e intercambiámolas, para intentar ordenalas de camiño que as ledes.

Velaquí tes a mariola revolta sen revolver.

17

A MARIOLA REVOLTA

Era un neno revoltoso
que brincando á mariola
lanzaba sempre a patela
de calquera modo e forma.
Metíase polo medio
cando a lanzaban os outros,
facíao por amolar
e pra esbandallar o xogo.
Até que un día os amigos
atoparon un bon modo
de sacalo de diante
por pesado e fastidioso.
Cando se puña faltón,
dicindo xogo revolto
non o deixaban xogar
por estar facendo o mono.

18

"45 C1FR48 3 M415 45 L37R45"

A lectura deste poema non se fai letra a letra senón por aproximación, igual que cando acertamos o significado polo sentido da frase. Por iso, podemos adiviñar de forma libre ou pasar as cifras a letras de maneira matemática buscando as correspondencias. A verdade é que están na parte de abaixo da imaxe pero igual non se cumpren en todos os casos. Ponte a iso e descubre as grallas que neste poema quedaron sen corrixir, que son varias. Para que o comprobés, aquí tés o poema completo e corrixido.

18

45 C1FR4S 3 M415 45 L37R45

70D45 N36R45 508R3 8R4NCO,
48URR1D45 NUN P4P3L,
45 C1FR45 3 M415 45 L37R45
NON 54814N 9U3 F4C3R.
- POR 9U3 NON X064M05 XUN745
-D1X0 D3 R3P3N73 4L6U3N -
4 CORD4 OU 4 M4R10L4,
CHUC45, 80L45 OU 8R1L3?
- NON POD3M05, NON POD3M05,
9U3 50M05 M01745 D3 V32!
- 9U3 V05 P4R3C3, D49U3L4
-PROPUXO O NÚM3R0 7R35-,
53 X064M05 4 P03514
X4 9U3 3574M05 NUN P4P3L?
6R4ND3 1D34! D4NDO VOL745
POL4 N3V3 DO 5483R
464RR4RON53 3N M374FOR45
COMO P03745 D3 L31,
3 COM324RON CUN5 V3R505
9U3 3R4N P03514, 480F3:
"70D45 N36R45 508R3 8R4NCO,
48URR1D45 NUN P4P3L..."

18

AS CIFRAS E MAIS AS LETRAS

Todas negras sobre branco,
aburridas nun papel,
as cifras e mais as letras
non sabían que facer.
- Por que non xogamos xuntas
-dixo de repente alguén-
á corda ou á mariola,
chucas, bólas ou brilé?
- Non podemos, non podemos,
que somos moitas á vez!
- Que vos parece, daquela
-propuxo o número tres-
se xogamos á poesía
xa que estamos nun papel?
Grande idea! Dando voltas
pola neve do saber
agarráronse en metáforas
como poetas de lei,
e comezaron cuns versos
que eran poesía, abofé:
"Todas negras sobre branco,
aburridas nun papel..."

19

“Mariola múltiple”

Catro cores e catro maneiras diferentes de presentar o poema, cambiando a orde dos versos. Aquí omitíronse os signos de puntuación porque o significado é o mesmo. A repetición de sons nalgún dos versos dará pé para o xogo de seguir inventando outras formas. Hai centos de combinacións diferentes. Podes ler os versos na orde que quixeres, que sempre che van dicir algo.

20

“Mariola das abellas”

Cal é a mellor cela ou favo para comezares a lectura e continuala unha tras outra? Fállle caso á abella e comeza por aí. Que forma asumen os versos dentro de cada favo? Ademais da forma física, de espiral, en cada favo van dous versos formando cadanseu pareado. En cal deles se xoga coa repetición de sons dunha maneira máis divertida? Cal é o significado de artrópodos? Esta palabra non existe como tal no dicionario, mais está utilizada adrede para formar a metáfora das estrelas abellas ou das abellas estrelas.

21

“A patela da semana”

Unha casa, un verso para cada día da semana. Cales deles riman? Que pode significar xoves enteiro é a metade? Por que cres que pon venres brincas do revés?

22

"A patela dos meses"

Temos que ver por onde comezar e como seguir a lectura. Observamos se ten sentido a maneira de definir cada mes e vemos se son inventadas determinadas palabras para producir rima, ou non é así? Febreiro é februndo, ou marzo é marceiro na cultura popular galega? Pode que uns si e outros non. Como podes comprobar, neste poema o autor enredou canto quixo coas palabras, de modo que mudou o nome dos meses para adaptalos e rimalos cos numerais que os sitúan no calendario anual. E quixo facer algo máis que xogar con este poema? Pois si, o poema explica de forma lúdica o camiño da vida, pois o xogo da mariola vén sendo unha representación da nosa vida: ir camiñando aos saltos empurrando a nosa existencia (a patela) para chegar desde o principio (a terra) ao fin (o ceo) superando todos os obstáculos que nos vaian xurdindo polo camiño.



23

“Mariola do revés”

Observemos a razón pola que se chama do revés. É porque a Terra está no Ceo e o Ceo na Terra? Ten algo que ver coa canción das mentiras (polo mar corren as lebres / polo monte as sardiñas) Como se le correctamente? Non esquezas que os signos e as maiúsculas axudan. Na realidade, que vén ser o revés do que aquí se fala. Aquí aparecen conceptos como a paz e a guerra e a posibilidade de darlle a volta ao mundo para que funcione mellor. Pensade entre toda a aula, se é que ledes este libro de forma colectiva, que haberá que facer para que o mundo funcione ben? Será deixalo como está ou facer algo que o mude todo? Que conclusións sacades?

24

“Mariola da amizade”

Como explica a nota de pé de páxina, o bonito deste poema é lelo entre catro persoas, colocadas como se estivésemos xogando ao parchís. De forma ordenada cada quen vai lendo un verso dos que ten enfrente, comezando polo primeiro: Eu de cara a ti. Coa lectura do cuarto verso imos collendo a man da seguinte lectora. Conclúese coas catro collidas da man, lendo as palabras do final de forma alegre e enfática. Se aínda lle queremos dar máis énfase á lectura do poema, podemos repetir as catro expresións finais, mais agora dicíndoas todas ao unísono.

25

“O peletre do mundo”

Este poema ocupa dúas páxinas, a plana enteira, nel xógase nun mundo que vai do triángulo ao círculo, engadindo lados a cada casa. Xorden preguntas: Que significado ten no octógono a palabra vocabulario? Que é un icoságono? Por que aparece un neno en cadeira de rodas? É polo círculo das rodas ou polo variado e diverso que é o mundo? Como ben sabes, temos na nosa lingua unha frase feita: isto saíu redondo. Úsase para expresar que a cousa resultou moi moi ben. Mais tamén sabes que moita xente non corrixe os erros cometidos ao desenvolver unha tarefa ou un pensamento, e confórmase con vivir nun mundo duns cantos lados, que neste poema quere dicir con defectos ou carencias. Veña, vaíamos a polo mundo redondo!

26

“O que acabamos de ler”

O que nestes versos se conta xira ao redor da igualdade das nenas e dos nenos, dos seus xogos e da necesidade de xogar na rúa, ao ar libre, en liberdade. Nel podemos atender ás repeticións de sons e a como se fala do xogo tradicional. Disque o autor, despois de ver o libro editado, pensou que sería mellor facer unha mudanza no primeiro verso da esquerda e da dereita: Onde pon nena poría neno, e onde pon neno poría nena. Iso para reforzar a idea que o poema pretende: a igualdade plena. Que non hai xogos de nenas e de nenos, senón xogos de persoas. Facendo este cambio, como tería que ser o último verso da parte esquerda?

5 - OUTRAS ACTIVIDADES PARA DESPOIS DA LECTURA

A mariola xa está lida,
agora apenas che falta
que a ela xogues toda a vida.

E xa para rematar, propoñémoste algunhas actividades complementarias e amenas, unha vez acabada a lectura dos versos da mariola. Bota a chapa de casa en casa e, se che parece ben, vai facendo individualmente ou en grupo o que nelas se suxire.

7

Para saber máis

5

Sobre o autor

6

O xogo tradicional

2

Grallas que grallan

3

As ilustracións

4

Sentido crítico

1

Pareados e cantigas

1

PAREADOS E CANTIGAS

Despois de reler algúns pareados (estrofas de dúas sílabas con que están feitos varios dos poemas da mariola) e as cantigas ou cantareas (estrofas de catro sílabas), podedes facer en grupo o seguinte: Nalgún lugar da escola debuxades no chan algún cadro da mariola, e nas casas numeradas escribides pareados e cantigas, ideados por vós, que digan cousas bonitas e positivas. E logo xogades á mariola procurando non pisar os versos.

2

AS GRALLAS QUE GRALLAN

Outro xogo pode consistir en buscar erratas ou grallas no libro, ademais das que xa foron tratadas. Seguro que atopas algunha, pois sempre están aí, coma pantasma xogando coas letras, como sucede en "aí vai apedra a voar", "ademias"... E xa que falamos de grallas, que é tamén unha gralla alén dunha errata?

3

AS ILUSTRACIÓNS

Detente nelas e fai a súa lectura, igual ca dos versos. Observa como están feitas, as técnicas que utiliza Andrés Meixide e a súa relación co xogo e o tema de cada poema. Hai algúns elementos das imaxes que se repiten en diferentes ilustracións. Decatácheste dalgún?

A colaxe está presente en todas elas; materiais como as pedras, madeiras, tellas, chapas, que aparecen pintadas para asumir diferentes imaxes; as pinturas con ceras, xices ou goteo; as figuras que se repiten coma o can, gato, paxaros, peixes, nubes, sol, lúa, estrelas, vaca, ovella, abella, man... Ou tamén debuxos antigos coma o das patas de elefante, a regadeira ou o pentagrama. Son coma un dicionario de iconas que achegan unha interpretación diferente do poemario.

4

SENTIDO CRÍTICO

Comentade o que vos pareceu o libro, falando del na aula a modo de club de lectura. Analizade se é recomendábel ou non a súa lectura. Se a recomendades facédeo colocando a vosa opinión escrita no blogue da biblioteca, ou mesmo por medio dun audio ou dun pequeno vídeo.

5

SOBRE O AUTOR

Liches algún outro libro deste mesmo autor? Consulta os que tedes na biblioteca escolar, por se che apetece ler algún deles. Procura, tamén na biblioteca, dous libros que escribiu sobre os xogos e os brinquedos tradicionais: "*Chirlosmirlos, enciclopedia do xogo tradicional*", "*Tastarabás, enciclopedia do brinquedos tradicionais e uso lúdico da Natureza*". Neles explica como xogar á mariola de maneiras diferentes e a outros moitos xogos tradicionais; e como podes divertirte construíndo moreas de brinquedos coas túas propias mans.

6

O XOGO TRADICIONAL

Pregunta ás persoas maiores que coñezas, a que xogaban cando eran pequenas. Se facedes este labor entre todo o alumnado da escola, poderíades imprimir unha revista explicando os xogos e ilustrándoos cos vosos propios deseños. Investigade tamén os libros que falen de xogos tradicionais que hai na biblioteca e realizade unha exposición con eles.

7

SABER MÁIS

Busca a páxina web de "*Xogos tradicionais galegos*", do Consello da Cultura Galega e nela o xogo da mariola. Nela poderás acceder ás súas características e maneiras de xogar, así como ver que tipo de xogo é (habilidade, precisión e movemento) e as idades para as que está máis recomendado.

<http://xogostradicionais.consellodacultura.gal>

<http://xogostradicionais.consellodacultura.gal/web/detalle/mariola-truco-peletre-raia-tella-estricola>

Tamén na páxina web **<http://xogostradicionais.gal>**, do Observatorio do Patrimonio Lúdico Galego, atoparás información e explicación de numerosos xogos cos que pasarás momentos moi divertidos coas túas persoas amigas.

E o mesmo na web de Brinquedia, Rede galega do xogo tradicional, da que a túa escola pode formar parte e participar en diferentes actividades ao longo do ano.

<https://brinquedia.net/>